



Adóptame en Vigo!

**CONCELLO
DE VIGO**



Espazo de espaxemento canino do
Areal da Foz/Coruxo

Benvidos/as ao parque canino!, un espazo natural e seguro no que os cans poden gozar libremente. Para garantir a convivencia e o respecto entre os/as usuarios/as, os animais e a flora e fauna salvaxe é importante respectar aspectos básicos de seguridade, hixiene e convivencia.

1. O teu can poderá estar solto e libre na zona de espaxemento, coa condición de que esteas presente e poidas controlalo en todo momento.

2. Se o teu can é considerado potencialmente perigoso, deberá ir sempre suxeito con correa e bozo.

3. É moi importante recoller inmediatamente as deposicións do animal e depositalas nos lugares habilitados, de maneira hixiénica e responsable, de non facelo a multa pode chegar aos 500 €.

4. Evitar calquera tipo de molestia ou dano a outras persoas, cans, ou sobre a flora e fauna salvaxe. Eres responsable do seu comportamento, dos posibles danos que poida ocasionar e o cumprimento de calquera normativa de aplicación.

5. Se o teu can mostra algún comportamento impetuoso, retírao inmediatamente da zona para garantir a seguridade do resto de usuarios/os e mascotas.

6. Non se permiten os xogos que impliquen agresividade ou competitividade entre os cans.

7. Non alimentes aos cans no parque nin na contorna.

8. As cadelas en celo teñen limitada a entrada ao parque canino.

9. As correas sempre sen dentes ou puntas.

10. Respecta a flora e fauna salvaxe na contorna do areal e protexe o medio natural.

Mapa da zona



112

Teléfono de emerxencias
Teléfono de emerxencias
Emergency telephone number
Numéro d'appel d'urgence

010

986 810 260
Servizo de
información telefónica